

## MESA SECTORIAL

10/09/2024

### 1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE XUÑO.

Apróbase a acta referida unha vez feitas as aportacións polas organizacións sindicais.

### 2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE REGULA A EDUCACIÓN BÁSICA PARA PERSOAS ADULTAS E SE ESTABLECE O SEU CURRÍCULO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Desde ANPE Galicia consideramos que debería traerse un Decreto, tal e como se fixo noutras Comunidades, para dotar de importancia e valor a este tipo de ensinanzas e non soamente como Orde.

Débase facer un repaso de cuestións de erros no texto da Orde antes da súa publicación no DOG. Neste senso, no artigo 3 sáltase do apartado c) ao apartado e). Na mesma liña no artigo 4 repítase a letra k).

No artigo 6 desde ANPE Galicia demandamos 55 que se faga unha profundización nos perfís de saída.

Tamén debe haber unha profundización na cuestión da atención ás diferenzas individuais da aprendizaxe do alumnado na liña do que establece o artigo 67.5 da Lei Orgánica 2/2006.



Consideramos positivo que se inclúan competencias lingüísticas xa que consideramos

que o alumnado debe coñecer e dominar linguas estranxeiras.

Tamén nos parece axeito que no artigo 13 se deixe aberta a duración deste tipo de estudos e non se limite a 4 como se fai noutros lugares e que se poida compatibilizar, no caso do nivel 2, ensinanza presencial con ensinanza a distancia ou semipresencial.

En relación ao artigo 29.3 no que se fai referencia ás sesións de avaliación, desde os centros de adultos nos demandan que se poidan facer dúas sesións de avaliación ordinaria por cuatrimestre. **A Administración resposta que se poden facer avaliacións parciais (poden facer as probas que consideren oportuno) mais a sesión de avaliación cuatrimestral debe ser única.**

No artigo 35 demandamos que se elimine o texto “preferentemente”. Debe ser exclusivamente profesorado do corpo de mestres. **A Administración buscará outra redacción para este artigo.**

Falta incluír a materia de Debuxo no ámbito tecnolóxico. **A Administración reposta que se tomou como referencia, por simplificación, o recollido no Decreto de referencia.**

### 3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Solicitar información sobre a tramitación do Decreto sobre a FP. **A Administración resposta que están traballando nun calendario de actuacións para empezar a traballar en todos os Decretos.**
- Solicitar información sobre o profesorado co que se vai a dotar ao centro específico de tratamento de pedra de Poio. **A Administración resposta que o centro ven dun centro da Deputación de Pontevedra que se transforma en centro integrado no que se van a impartir ciclos básicos, medios**

## MESA SECTORIAL

10/09/2024

e superiores polo que contará con profesorado de F.P.

- Denunciar que nos dous días de reclamacións nas oposicións que establecía o DOG algún tribunal non estaba presente nin permitiu ver os exames tal e como era perceptivo.
- Reclamamos que a Administración galega pida explicacións ao Estado polo aprazamento do permiso parental de 8 semanas que é de obrigado cumprimento.
- Demandamos a reunión da Comisión de seguimento do Acordo de interinos.

